




DÍA DAS LETRAS GALEGAS 17 DE MAIO

GALEGAS



"(...) Quero mil primaveras máis para a lingua galega."

Álvaro Cunqueiro






DÍA DAS LETRAS GALEGAS





17 DE MAIO

Para comezar...comezar...



Gozar coa lingua

Guía Sexual da Sociolingüística

“Normalmente a primeira vez que outra persoa entra no noso corpo, ou a primeira que nós entramos dentro doutra persoa, é coa lingua. Si, pode ser que antes lle chuchemos o dedo a alguén ou que lle mordamos o lóbulo da orela, mais son as nosas linguas as primeiras que nos exploran por dentro en serio, de verdade. A nosa lingua é unha das principais vías para o coñecemento humano.

Por iso é difícil esquecer a primeira vez que lle metes a lingua a alguén, a primeira vez que unha lingua entra na túa boca. Porque non deixa de ser a primeira vez que lle permitimos a outra persoa entrar dentro nosa. Ao descubriremos a nosa intimidade, coa lingua expresamos a nosa identidade.

A que non sabías que durante un beixo se moven 29 músculos? E que os batimentos cardíacos aumentan de 70 para 150 e melloran a oxigenación do sangue? Si, o beixo beneficia o corazón. E ademais adelgaza. Nun bo morreo gastamos preto de 12 calorías!

Tamén é importante saber que o morreo é cousa de dous. Un morreo é un diálogo entre papilas gustativas, entre a lingua e o ceo do padal, entre o cuspe e os dentes. E nun diálogo entre dúas persoas hai que dar e recibir, ofrecer e aceptar, avanzar e retroceder, facer ruído e gardar silencio, entrar e saír. Morrear é unha das máximas expresións da comunicación humana.

O proceso de normalización da lingua galega é un proceso comunicativo conflictivo. Os axentes sociais máis críticos denunciámos a ineficaz política lingüística da administración, o desprezo dos media ou a eficacia da escola para desgaleguizar as novas xeracións. É un proceso no que o enfrontamento e a queixa son continuos. A perda da lingua é un drama, abofé. Mais que pasaría se ligásemos o discurso da normalización da lingua ao pracer? Se falásemos desde o discurso da satisfacción e a analoxía do bico? Un pouco de humor tamén é necesario e podemos falar de cousas serias cun sorriso nos labios. Estabamos falando de beixos con lingua... Eis a Guía Sexual da Sociolingüística.

1. Esixamos para a nosa lingua o mesmo pracer do que goza calquera lingua.
2. Se aínda nunca o fixeches busca alguén con quen te sintas cómoda ou cómodo e adiante! Aínda que ás veces facelo con persoas descoñecidas, así de súpeto, resulta mellor.
3. O proceso de normalización é un proceso social que parte de cada persoa e que se basea no intercambio de comunicacións. Podemos facer moitas cousas en solitario..., mais non nos podemos morrear a nós mesmas.
4. Se teu pai e túa nai non che aprenderon nin che dixeron como se fai, non pasa nada... Aínda estás a tempo de aprender pola túa conta.

5. Sobre este tema sempre houbo –e hai– tabús, falsos mitos, pouca información e moita ignorancia... Pasa dos prexuízos doutros tempos e adiante.
6. Hai xente á que lle gustaría probar porque intúen que lles vai gustar mais..., dálles corte! Non te acovardes, desinhíbete e goza coa lingua.
7. Aínda hai xente que pensa que darlle á lingua non é fino e xente que pensa que é un pouco vulgar... He, non teñen nin idea!
8. A lingua é un instrumento imprescindible para relacionámonos, integrarnos, darnos a coñecer e coñecer xente. Sen non usas a lingua fechas portas. Non sexas pechado ou pechada.
9. Pode ser un rollo dunha noite. Ou unha relación para toda a vida.
10. A eficacia da lingua depende da práctica. A lingua mellora co uso. Ninguén nace aprendido!
11. Hai persoas que teñen problemas psicolóxicos que lles impiden darlle á lingua con normalidade. Eses problemas –identificados pola Sociolingüística como diglosia, autoodio...– teñen solución.
12. Hai persoas que teñen problemas ideolóxicos que dificultan ou impiden o uso natural da lingua. Esas problemas teñen máis difícil solución...
13. Isto tamén é un feito cultural. Respecta a cultura da túa sociedade. Se vivísemos no polo norte entre esquimós sería normal dármolos os beixos chocando o nariz.

14. Hai persoas que consideran que a súa lingua é máis útil, máis áxil, máis atractiva e mellor. A ignorancia non ocupa lugar.
15. O morreo, como a lingua, non diferencia ás persoas, é democrático: non debe discriminar por idade, raza, sexo, clase social ou lugar de nacemento.
16. É bo para a saúde e para a túa calidade de vida persoal e social. Unha habilidade necesaria no mundo de hoxe.
17. Hai quen pensa que son as linguas as que lles dan prestixio ás persoas cando realmente somos as persoas as que prestixiamos ou desprestixiamos a nosa lingua. E se nós non valoramos a nosa lingua, quen o vai facer?

A lingua é a mellor forma de descubriros e descubrir outras persoas. O mellor é ter como obxectivo vivir a nosa lingua como a nosa sexualidade: de forma libre, satisfactoria, consciente, responsábel e saudábel. Con normalidade!


Da relación da Sociolingüística co sexo oral falaremos noutro momento”.



Sechu Sende
Segundo clasificado no III Premio a
artigos xornalísticos normalizadores.
Concello de Carballo 2007

CUESTIÓNS

- O texto anterior fai un xogo constante ao usar as diferentes acepcións da palabra **lingua** que pode significar músculo do noso corpo ou idioma.
- Que opinas sobre o uso deste recurso literario para abordar esta temática?
- O autor di "Hai persoas que teñen problemas psicolóxicos que lles impiden darlle á lingua con normalidade. Eses problemas, identificados pola Sociolingüística como diglosia, autoodio..." Que entendes por autoodio?
- Por que cres que en Galicia algunha xente non quere falar na súa lingua?
- Pasa o mesmo en Cataluña? Por que?
- Explica a frase "a perda da lingua é un drama"
- Conta, coas túas palabras a proposta que nos fai Sechu Sende.



Este é un poema de M^a Xosé Queizán no que a poeta tamén describe un acto amoroso coas letras e que considera á escrita coma unha amante.

Le o poema e busca os dobres sentidos.

Páxina branca

*NADA me separa do texto
páxina branca
Coa lingua
encho de bicos o papel.
Polo amor pasa da nada á totalidade.
Abrázoa como un corpo nu
enigmático.
Agarimo letras como mamas
inspiradas
As oclusivas ábrense de desexo
as fricativas rózanse entre os labres
as líquidas móllanse nas coxas
as vibrantes palpitan como pel
as labiais alentan a escrita.
Encho o papel que goza pola miña boca
coas palabras que lle susurro
pensamentos, soños, paixóns
de liberdade.
Fago correr polas letras un rego de sangue
quente como en veas apaixonadas.
Demórome pola textura do texto ata
a perfecta comprensión.
Despois da éxtase
a paxina ponse a clareo
como o meu corpo baixo o sol dos teus ollos.*

María Xosé Queizán
en *Despertar das Amantes*

Para entendernos

Fragmento da presentación:

“Puxémoslle nome ás persoas: Suso, Maruxa, ...
 apelido: Vázquez, Nogueira,
 e alcume: o Bichoguizo, a Rachaoferro, ...
 Puxémoslle nome ás nosas árbores: amieiro, freixo,
 ... e apelidos: Carballa
 da Rocha, Castiñeiro da Capela, ...
 Botamos aturuxos, arroutadas, ... e damos colo,
 apertas, ...
 Puxémoslle nome ás froitas: pexego, mazá, ...
 Aos arbustos: silva, xesta, ...
 Ás nosas herbas: camariña, herba de namorar, ...
 Ás comidas: grelos, cacheira, ...
 Puxémoslle nome aos insectos: vagalume, escorna-
 bois, ...
 Aos peixes: xouba, ollomol, ... e aos mariscos:
 vieira, zamburiña, ...
 Ás nosas praias: de Rodas, A Rapadoira, ...
 Ao vestido: saia, polaina, ...
 ...e agora veñen que para que serve o galego, pois
 é obvio,


PARA ENTENDERNOS!“



POWER POINT:

Para que serve o galego

José Manuel Atanes Limia no “Faro de Vigo”



CUESTIÓN

- Pensades que hai linguas máis importantes que outras?
- Soe dicirse que unha lingua retrata a un pobo. Que opinas?
- De onde ven o galego?
- Que identifica a un pobo?
- Que pasaría se deixásemos de falar galego e nos expresásemos só en castelán?
- É un pracer conservar as cousas que nos deixaron en herdanza: vaixelas, encaixes, mobles, leiras... Podemos considerar a lingua como unha herdanza?
- Conservar a lingua das nosas e dos nosos antepasados é algo desexable?


Amar a lingua

O **Galego** está catalogado pola UNESCO como **lingua minoritaria en perigo potencial de extinción**. Perde falantes ano tras ano, sobre todo porque non se lles fala aos bebés que nacen.



Vídeos: *De aldeáns*

<http://www.youtube.com/watch?v=hz7oWH9NrZQ>
Que fai decidir á unha muller de máis de 70 anos escribir en galego por primeira vez?



Máxicamente Bello, de Roi Casal (poema de Manuel María)


<http://www.youtube.com/watch?v=39vI7rFFr-0>

Entre os galegofalantes un dos motivos que xustifica o cambio de código é o **prestixio social**. O crego que fala en galego aos fregueses e misa en castelán, o profesor galego falante que ensina en castelán, os comerciantes que teñen o galego como lingua de expresión normal que se dirixen á clientela en castelán... todos eles fano para que o uso do galego **non os delate como xente inculta** e de procedencia rural.

Francisco Fernández Rei
"A situación actual da lingua galega"



Vídeo: *Chegou unha carta Ben Falado*



O programa de TVG "Ben Falado" ten unha duración de cinco minutos diarios nos que se fala da lingua. Neste capítulo unha emigrante retornada explica por que se sente galega e decide escribir e falar sempre en galego.

CUESTIÓNS

- Como describirías esta situación que achegan os vídeos e os textos?
- Por que perdemos falantes en galego? É certo que ninguén o quere falar? De ser así, extinguirase?
- Segue a ser o galego "de xente inculta e de procedencia rural", como di a moza do vídeo?
- Cres que temos complexo de inferioridade se o falamos? Por que?
- Quen cres que teñen responsabilidade nesta situación? Busca o artigo da constitución que fai referencia á protección das 4 linguas españolas.
- "As linguas suman" foi un eslogan afortunado. Que quere dicir? Debatide na clase sobre este tema.
- Buscade alternativas para mellorar a situación do galego:
 - No voso centro; e vós, a nivel individual.

17 DE MAIO, Día das Letras Galegas

Foi por marzo de 1963 cando tres académicos numerarios decidiron presentar na Real Academia Galega (RAG) un escrito en que se pedía a celebración do Día das Letras.

Eles foron Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo, e o motivo de tal solicitude: festexar a publicación, cen anos antes, de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, unha obra que “dignificou a nosa lingua e o seu uso literario”. Así, a petición destes tres académicos orientábase a consagrar o 17 de maio e “con carácter de perdurabilidade o simbolismo desta data nunha celebración anual”.

O 28 de abril do mesmo ano, nunha Xunta ordinaria, todos os membros da RAG acordaban celebrar cada 17 de maio o DIA DAS LETRAS, co obxectivo de difundir a obra dalgún dos nosos autores e autoras. Sendo o centenario de *Cantares Gallegos*, foi Rosalía de Castro a primeira homenaxeada, e seguíronlle Eduardo Pondal, Curros Enríquez e outros moitos escritores e escritoras.

“**Lipdub**” é outro termo popularizado a través das modernas redes sociais e ven a significar “dobraxa de beizos”. Aplícase aos vídeos musicais realizados por un grupo de persoas que sincroniza os seus beizos, xestos e movementos cunha canción popular. Foi o que fixo o alumnado e o profesorado do IES Pintor Colmeiro de Silleda, co gallo do Día Internacional da Danza. O videoclip resultante, cunha mensaxe a prol do galego, pode verse no link co “**galegando lipdub**” <http://www.youtube.com/watch?v=X9ctjGe5iAQ>

CUESTIÓNS

- Cal é a finalidade de celebrar o Día das Letras?
- Cal foi a primeira figura homenaxeada? Por que?
- Averigua a quen se lle dedica este ano o “Día das Letras Galegas”
- Investigade sobre a súa vida e obra.



Así nos ven os que veñen vivir aquí



Vídeo: *Lingua de tod@s*

<http://www.youtube.com/watch?v=gEcVAVaLyxg>



CUESTIÓNS

- Que valora de nós a xente que ven doutros países?
- Gústalles a nosa lingua?
- Sábena falar?
- Que aconsellan que fagamos con ela?



DÍA DAS LETRAS GALEGAS





17 DE MAIO

Para saber algo máis...



























Craig Jewell



Aquí tes as figuras homenaxeadas nos días das Letras Galegas:

					
1963-Rosalía Castro	1964-Castelao	1965-Eduardo Pondal	1966-Francisco Añón	1967-Curros Enríquez	1968-López Cuevillas
					
1969-Noriega Varela	1970-Valladares N.	1971-López Abente	1972-Lamas Carvajal	1973-Lago González	1974- Vite Viqueira
					
1975-Pintos Villar	1976-R. Cabanillas	1977-Villar Ponte	1978-López Ferreiro	1979-Manuel Antonio	1980- Alfonso X
					
1981-Vicente Risco	1982-Amado Carballo	1983-Leiras Pulpeiro	1984-Cotarelo Valledor	1985-Losada Diéguez	1986-Iglesia Alvariño

					
1987-Herrera Garrido	1988-Otero Pedrayo	1989-C. E. Ferreiro	1990-L. Pimentel	1991- A. Cunqueiro	1992-F. Bouza Brey
					
1993-Blanco Amor	1994-Luis Seoane	1995-Rafael Dieste	1996-Ferro Couselo	1997-Anxel Fole	1998-Martín Códax-, Cangas e Mendiño
					
1999-Blanco Torres	2000-Manuel Murguía	2001-Eladio Rodríguez	2002-Fray Martín S	2003-Avilés de Taramancos	2004-Xocas
					
2005-Lorenzo Varela	2006-Lugo	2007-María Mariño	2008-Álvarez Blázquez	2009-Ramón Piñeiro	2010-Uxío Novoneira

CUESTIÓNS

- Cal foi a primeira escritora homenaxeada despois de Rosalía de Castro?
- A cantas mulleres se lles dedicou nos 47 anos o Día das Letras Galegas?
- Por que pensades que se lles dedicaron a tan poucas escritoras?
- Quen decide a quen se homenaxea cada ano?



Vídeo: A condesa de Pardo Bazán

<http://www.youtube.com/watch?v=C11Es2GLImU>



As mulleres e as Academias

As mulleres tardaron en ser aceptadas como integrantes de pleno dereito nas Academias que se ocupan da conservación das linguas. **Pardo Bazán** loitadora infatigable pola igualdade é consciente do sexismo imperante nos círculos intelectuais e a pesares diso, propón a **Concepción Arenal** á Real Academia da Lengua Española, pero é rexeitada. Ela mesma foi rexeitada como académica as tres veces que o intentou: en 1889, en 1892 e en 1912, por máis que no 1906 foi a primeira muller que presidiu a Sección de literatura do Ateneo de Madrid e a primeira en ocupar unha cátedra de literaturas neolatinas na Universidade Central de Madrid.


O precedente da Real Academia Galega foi a *Comisión Gestora para la creación de la Academia Gallega*, promovida por Emilia Pardo Bazán e Ramón Pérez Costales. Constituíuse sobre a base dunha sociedade que ela mesma presidía: *Folklore Gallego*.

En 1904, Manuel Murguía publicou un artigo na revista do Gran Hotel de Mondariz na que propuña a creación dunha academia galega. Este artigo despertou interese e no 1905 constituíuse na Habana a Sociedad Protectora de la Academia Gallega, grazas ao impulso de Manuel Curros Enríquez e Xosé Fontenla Leal. En Galicia seguiron esta iniciativa algunhas figuras que se reunían na Librería Rexional de Eugenio Carré en A Coruña. A Real Academia Galega constituíuse a 30 de setembro 1906, presidida por Manuel Murguía e con corenta membros, ningunha muller.

As cousas foron mudando algo e a día de hoxe a Academia conta con 31 académicos e 4 académicas, número moi pequeno se se ten en conta que sempre se di que “as letras” son cousas de mulleres.

CUESTIÓNS

- Como puido acceder aos libros Pardo Bazán na súa xuventude?
- Por que non se aceptou á súa candidatura para ingresar na Academia da Lingua Española?
- Aquí tedes as fotos das académicas actuais, se hai un total 36 membros. Que porcentaxe hai de mulleres?
- Terá que ver o que teñamos poucas mulleres na Academia con que tamén se lles dedique o Día das Letras a poucas escritoras?
- Tentade razoar o por que da invisibilidade das mulleres
- Invertigade cal é o procedemento para escoller académicos?
- M^a Xosé Queizán, Marina Mayoral, Teresa Moure, Yolanda Castaño, Pilar Pallarés, Rosa Aneiros, María Reimóndez son algunhas das nosas escritoras. Poderán chegar a ser académicas? En que momento?
- Se ti foses académico ou académica, que proporías para equilibrar a composición da Academia?



Luz Pozo



Xohana Torres



Rosario Álvarez



Margarita Ledo

Sabías que...

- **A festa da palabra silenciada** é unha revista de cultura, producida por **Feministas Independentes Galegas** e dirixida por **María Xosé Queizán**, que se edita dende o ano 1983 co propósito de sacar da escuridade a escrita feminina e as teorías feministas vixentes nese momento. Foi elaborada integramente por mulleres, desde o deseño e maquetación, a realización, as colaboracións e o material gráfico. Dende o nº 14 colaboran homes.
- A enciclopedia na rede, Galipedia, alcanzou a cifra de 50.000 artigos, pasando a ocupar o porto nº 41 na lista mundial das wikipedia.
- Saíu á luz unha nova sorprendente: a creación dun produto 100% galego etiquetado na nosa lingua. Trátase dunha bebida refrescante, unha bebida carbónica feita con extractos de cola: **A GALICOLA**. www.galicola.org
- O Celta de Vigo divulga unhas campañas publicitarias en galego (<http://www.celtavigo.net/Portal-GZ>). Pincha no nome do clube se o queres ver.



Correlingua

Manifesto do Correlingua 2001

Somos a tribo dos falantes de falas prohibidas.

Somos o clan dos inconformes, dos rexos e leais, dos que non se resignan á indignidade.

Somos a voz dos sen-voz, a vangarda dos que rexeitan usar falas prestadas para non ficaren orfos de pensamentos.

Correlingua é unha festa anual, consiste en diferentes actos, principalmente nunha carreira que se ven organizando, arredor do Día das Letras Galegas nas principais capitais galegas. Con esta proposta, de carácter lúdico-educativo, os centros de educación e a mocidade participan nun acto público de reivindicación do dereito a crecer e expresarse en galego. Podes entrar na páxina web e participar nos concursos que propoñen.

<http://www.correlingua.org/main.aspx>



- En grupos e ao xeito deste manifesto que tes como exemplo, redacta un **manifesto** a favor da lingua.


Banda deseñada

A banda deseñada é, fundamentalmente, un recurso narrativo, unha maneira de contar algo. Baséase na síntese da linguaxe verbal e icónica, isto é, de palabras e imaxes.

Vagalume e sobre todo, **Golfiño** foron as revistas de banda deseñada en galego para público infantil e xuvenil. Miguel Vázquez Freire foi o director deste cómic, que pasou por diferentes etapas. Primeiro vendeuse como título independente nos quioscos e librerías galegas, máis tarde foi suplemento semanal do xornal *La Voz de Galicia*. Moitas das mellores firmas de Galicia de banda deseñada participaron neste proxecto.

Na Coruña celébrase cada verán *O Salón do Cómic*. Está dirixido por Miguelanxo Prado, o debuxante galego máis prestixioso.

Entre a mocidade destaca nestes momentos Enma Ríos, gañadora de distintos premios.




Enma Ríos

- Elaborar individualmente unha tira de banda deseñada, en galego, que explique algo que che preocupe.
- Facer graffitis nos muros dos patios de recreo do centro coas palabras, refráns expresións galegas que máis vos gusten.

Outras propostas de actividades



1 Actúa para conservar a lingua: Recursos didácticos



Obxectivos

- Reflexionar sobre a posibilidade de perder a lingua se non a usamos a diario.
- Apreciar a riqueza de ter máis dunha lingua.
- Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia da conservación da lingua herdada.
- Establecer vínculos entre identidade e lingua.
- Potenciar a creatividade e o sentido do humor.

Desenvolvemento

1. Trataríamos de traballar con tres documentos que nos levaran despois a unha síntese xeral.
2. Partir da lectura do texto "As linguas tamén morren":

Por que morren as linguas?

A historia está inzada de defuncións lingüísticas. A marcha triunfal do imperio romano erradicou o etrusco da península itálica e contribuíu á eliminación do galo da Europa occidental. Con todo, o ritmo acelerado destes procesos na actualidade non ten precedentes. A comunicación global favorece e reforza o dominio e a selección de só as máis afortunadas e aínda que contamos cunhas 6.900 linguas faladas, os falantes nativos das 10 primeiras sumarían eles sos o 40% da poboación mundial.

Os estados postcoloniais favorecen e promoven tendencias monoculturalistas: así temos un exemplo claro en Nixeria que só reconece 4 das súas 400 linguas faladas. Son abundantes os exemplos en que todo tipo de presións económicas e urbanísticas aceleran e provocan procesos de marxinalización social asociados ás linguas minoritarias.

Múltiples factores políticos, económicos e sociais son a causa de que tantas linguas se extingan na actualidade. En xaneiro de 2008 a lingua Eyak converteuse na primeira lingua de Alasca que desapareceu ao morrer o seu último falante e o Jawoy, desaparecido en xullo do 2007, converteuse na última dunha longa lista de linguas desaparecidas no continente australiano.

Peter Austin (2008) "1000 Languages" Thames & Hudson

3. Continuar coa visualización do video "Dalle de mamar... en galego"

 **Vídeo: Dalle de mamar... en galego**
Música de Quempallou

<http://www.youtube.com/watch?v=0x11CxxhVMho>



4. A continuación facer unha reflexión do seguinte cuestionario:
- Que entendemos por darlle de mamar en galego?
 - Pareceche que pode ser importante que se lles fale as crianzas dende o berce en galego? Por que?
 - Por que morren as linguas se non hai transmisión de nais-pais a fillos e fillas?
5. Campaña da Universidade de Vigo:
 Se tes curiosidade por saber a tradución do teu nome consulta a web
<http://webs.uvigo.es/chamateconxeito/principal.php>

Di a lenda: *BÚSCASE*

A banda dos **CASTRAPEIROS**


Por atentaren contra a identidade do país e da súa xente

Por destrozaren a nosa lingua e o noso xeito de ser

Por acastraparen á forza os nomes galegos

Por deturparen os nosos nomes e apelidos

RECOMPENSA: A RECUPERACIÓN DA NOSA IDENTIDADE INDIVIDUAL



O teu nome coma ti... CHÁMATE CON XEITO

Esta campaña CHÁMATE CON XEITO vai dirixida ás persoas que teñen o nome ou o apelido en forma regaleguizable. Por exemplo, Celia López Mariño xa é de seu un nome plenamente galego, pero en Iria Quintana Muíños deberíase regaleguizar o apelido (Quintá) e en Ángeles Sotelo Feijoo habería que regaleguizar o nome completo (Anxos Soutelo Feixó ou Feixoo), porque está en forma híbrida (a forma castelá sería *Ángeles Sotillo Habichuelo).

Nesta campaña CHÁMATE CON XEITO pretendemos que a xente, despois de reflexionar sobre o seu nome e apelidos, teña coñecemento de se estes están en forma galega correcta ou en forma híbrida e, se fose así e quixera, poida poñelos correctamente en galego, porque en moitos casos a forma castelá soaría moi rara ou mesmo sería inexistente, como podemos doadamente comprobar.

Por exemplo, se uns Carlos Ojea Losada e Marina Freijo Otero desexasen galeguizar cadanseus nomes e apelidos, nós poderíamolles facilitar información sobre eles e tramitarlles informes oficiais da RAG ou do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo nos que constase como deberían ser eses nomes e apelidos en correcto galego, informes destinados aos rexistros civís que é onde se tramitan estes expedientes. Así, nun tempo moi breve, estas persoas deixarían de "llamarse con jeito" e pasarían a "chamarse con xeito": Carlos Oxea Lousada e Mariña Freixo Outeiro (porque en correcto castelán serían *Carlos Eugenia Losada e *Marina Fresno Cerro).

6. Que é acastrapar? E deturpar? Busca no dicionario se non o sabes.
7. Que opinión che merece esta campaña?
8. Mira na túa clase que apelidos se poderían galeguizar.
9. Valorar a posibilidade de invitar a alguén responsable da campaña da Universidade que veña dinamizar e falar dos logros nunha charla no centro aberta á toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias...
10. Agora mira as camisetas das fotos con lendas galegas:



Fai a túa camiseta personalizada. Primeiro pensa no slogan en galego que che gustaría poñerlle. Despois imprímea e colócaa pendurada dunha percha, para que na *semana das Letras* forme parte dunha exposición na entrada do centro.

Infórmate de “ Empresas galegas que falan galego”

“O galego vende e pode ser sinónimo de calidade. Naceron en Galicia, como proxectos integramente galegos e cunha clara sinal de identidade: o galego. A operadora R, a bodega Terras Gauda e a tenda de camisolas Caramuxo desmontaron este venres nas Xeiras o tópico de que a lingua galega non serve para as relacións comerciais. Non foi a única crenza que se desmontou, nesta última xornada da terceira edición das Xeiras lembrouse tamén a campaña En galego tamén se fai ciencia, impulsada polas tres universidades galegas e na que se fai fincapé en que a lingua galega é válida para todos os eidos”

Link ao artigo completo:

http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=4395&Itemid=61

Temporalización

3 horas

Modalidade

Individual e grupal

Área implicada

Titoría

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Lingua Galega: *Linguas en desaparición.*

Lingua castelán: *Os apelidos, etimoloxías.*

Ámbito Sociolingüístico (nos Programas de Diversificación Curricular),

Filosofía e Ciencias Sociais: *Evolución das linguas, As linguas, o poder e os imperios, As linguas e os imperios.*

Economía: *Presuposto e estudo dos costes das camisetas*

Debuxo: *Deseño dos eslógans das camisetas.*

Tecnoloxía: *Técnicas de estampación.*

TICs: *Montaxe da exposición*

Música : *Banda sonora do video “ Dalle de mamar...”*

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

2 Recreando a Rosalía de Castro



- Valorar unha canción significativa para a nosa cultura.
- Achegar ao alumnado un poema clásico de Rosalía de Castro.
- Aprender a interpretar imaxes e a facer un cómic.

Desenvolvemento

1. O poema *Negra Sombra* de Rosalía de Castro foi musicado polo mestre Xoán Montes, dando pé a unha das mellores cancións da cultura galega. Existen múltiples versións, sendo a de Luz Casal unha das máis actuais e sentidas. Propoñemos a visión do videoclip que leva impresa a letra da canción. Cumpriría despois memorizala e desentrañar o seu significado conectándoo co *existencialismo*.



Videoclip: *Negra Sombra*

<http://www.youtube.com/watch?v=gdnVZE5I80s>



Obxectivos

- Chegar a comprender que as cousas ben escritas son sempre valoradas e actuais.
 - Sensibilizar sobre a importancia do traballo invisible das mulleres en todas as épocas.
2. As fotos que temos a continuación foron tomadas a mulleres galegas da época de Rosalía. Recientemente deuse a coñecer o arquivo da fotógrafa americana Ruth Matilda Anderson e pode verse en exposicións baixo o título "Unha mirada de antano". Busca fotos desta autora.

3. Ler imaxes é un exercicio que estimula a creatividade e obriga a relacionar conceptos. Suxerimos que enchas os "globos" co que poderían estar dicindo ou pensando estas mulleres.



4. Lectura do texto dedicado a Rosalía por Teresa Moure, escritora contemporánea *No día de Rosalía de Castro*.

No día de Rosalía de Castro

Noutro 24 de febreiro nacías, Rosalía, no Camiño Novo, nas inmediacións de Santiago de Compostela, a poucos quilómetros de onde se escribe esta lembranza. Hoxe celebramos o teu nacemento unicamente por termos así un punto de referencia para te homenaxearmos porque, para actuarmos con propiedade, deberíamos celebrar o día en que escribiches tal ou cal poema, o día en que decidías dar ao prelo o poemario inaugural do primeiro Renacemento, o día en que remataches o prólogo de *Follas Novas*, ou tantos outros días decisivos para a escrita en galego cuxa data exacta descoñecemos e que, daquela, non podemos conmemorar. Se a morte non fose un camiño sen volta, se puideses ver cos teus propios ollos o noso país -o país “en que me eu criei”, como ti dirías-, sorprenderíaste do actual que resulta a túa obra, a pesar do paso implacábel do tempo e dos moitos cambios que operaron no mundo. Coido que non te abraiarían as novidades tecnolóxicas que envolven as nosas vidas; como nunca fuches babeca nin reaccionaria, asumirías os novos inventos no que valen mais tampouco non te deixarías cegar polas falsas aparencias de modernidade que producen as máquinas. Con toda seguranza, celebrarías o progreso económico, que nos libra de ver por toda a parte, como ti viches, a miseria e os padecementos dunha sociedade empobrecida que queremos deixar atrás, aínda que seguramente o teu ollar, atento aos detalles, se decataría con precisión de que o luxo consumista en que nos bambeamos non ten nada a ver coa xustiza nin abrangue toda a poboación. Porque ti, Rosalía, non escribías poemas para exercer de delicada nin de

dama triste e mexeriqueira, senón coa intención de condensares na escrita a forza revolucionaria que levan as palabras dentro. “Libros enteiros poideran escribirse falando do eterno infortunio que afrixe ós nosos aldeáns e mariñeiros, soia e verdadeira xente do traballo no noso país. Vin e sentín as súas penas como si fosen miñas; mais o que me conmoveu sempre, e polo tanto non podía deixar de ter un eco na miña poesía, foron as innumerables coitas das nosas mulleres”, escribiches hai case cento trinta anos e, con todos os matices que cumpra introducir, este texto segue a nos conmoer póla reivindicación das clases traballadoras e da situación especial das mulleres. Non importa se os labregos e mariñeiros non representan xa a maioría dos galegos porque a preocupación social dos teus versos podería aplicarse por igual ás masas proletarias, separadas da sociedade do benestar por marxinação social ou desemprego, e se nos teus poemas os mozos labregos emigran á Habana, na actualidade marchan a Canarias ou xogan a seren cidadáns de ningures nun sistema capitalista que non sabe de patrias. Se puideses saber como vén sendo interpretada a túa obra, -como punto de arranque, como peza chave, como exemplo dunha rara lucidez-, ti que non fuches vaidosa, descansarías en paz. Aínda que para iso habería que evitarche o coñecemento de seres tamén malinterpretada, manipulada e lida en certos círculos, sobre todo fóra da Galiza, como soñadora melancólica, como intimista romántica, todo por teres dedicado algúns poemas á infinita dor da existencia, o que parece convertelos en material mais doce, menos atrevido que a maioría da túa escrita.

Sen dúbida, fuches tan adiantada ao teu tempo que militaches en causas que aínda non se recoñecían como tales, nin tiñan quen as defendese. Así se explica que o que hoxe chamamos *violencia de xénero* e aparece nos medios de comunicación como un asunto actual, como un problema acabado de detectar, estivese xa naqueles versos de *Follas novas*: “Que hai uns negros amores de índole pezoñenta/ que privan os espritos, que turban as concencias,/ que morden si acariñan, que cando miran queiman,/ que dan dores de rabia, que manchan e que afrentan./ Máis val morrer de friaxen/ que quentarse á súa fogueira”. Seguro que se vivises hoxe entre nós os seminaristas volvían apedrear as túas xanelas, aínda que se cadra só te insultaban por blogue: as formas poden variar máis, con toda probabilidade, seguirías estando nas barricadas. Por iso o pouso da túa obra fica ao fondo. Por iso, neste día de homenaxe, sobre todas as cuestións que espertaron o teu interese, quizais deberíamos atender especialmente o teu compromiso coa lingua. “As multitudes dos nosos campos tardarán en ler estos versos, escritos a causa deles, pero só en certo modo pra eles” porque hoxe eses versos son xa accesíbeis a quen os causou. Nunca na historia precedente tivemos a totalidade da poboación alfabetizada e coa posibilidade de frecuentar libros (de os sobar, de os ler, de os aprender, de os adquirir, de os comentar, de se impregnar deles). Daquela estamos xa na época en que as multitudes dos nosos campos poden coñecer sen mediadores o que ti dixeches só en certa forma para elas. Mais esta situación feliz foi producirse nunha época en que todo vai ás présas. Ti dicías que dez anos son moitos a xulgar pola présa con que hoxe se vive e nin te imaxinabas canto máis apurado se pode andar, como andamos agora, correndo sen sabermos onde nin detrás de que. Porque

cando tiñamos todo para nos envolvermos como sarillo na historia pasada e comezar a florecer, os ánimos afrouxan. Dixéronnos que o mundo era todo igual e que se expresaba en inglés e moitos acreditan en tal desatino, volvendo as costas ao que é de seu e soñando con vestiren coma outros, con falaren coma outros, con seren coma outros... E como non sería cousa de chamares as xentes á guerra para logo desertar da bandeira que ti mesma levaras, Rosalía, se estiveres entre nós, estarás en aberta oposición aos sectores da sociedade que reclaman a súa liberdade a non seren galegos, a non se construíren como tales. Como tantos libros enganosos, que só din medias verdades, contan que eras unha dama do XIX, de non fitarmos em profundidade, podemos esquecer que eras -e es, que a túa obra vive- unha activista comprometida, que non andabas con florituras nin escribías de pombas e flores por teres alma de muller, que o teu compromiso coa nación e coa lingua foi tan alto que todo o que tivo un eco por leve que fose, con tal que chegase a te conmoer, todo isto ousaches cantar para declarar perante os que sen razón nin coñecemento ningún nos desprezan “que a nosa terra é dina de alabanzas, e que a nosa lingua non é aquela que bastardean e champurran torpemente nas máis ilustradísimas provincias cunha risa de mofa que [...] demostra a iñorancia máis crasa i a máis imperdoable inxusticia que se pode facer dunha provincia a outra provincia irmá por probe que esta sexa”. Contigo aprendemos a ser elos dunha cadea, a non renegarmos, a recoñecermos que só sendo galegas e galegos podemos ser universais. Que o peso da terra sexa leve, compañeira.

Teresa Moure

5. Cubrir o seguinte cuestionario:

- Cal é o sentimento que predomina en Negra Sombra?
- Por que che parece que din que este poema retrata a esencia de Galicia?
- Como era a vida das mulleres na época en que viviu Rosalía? Habería comprensión cara unha escritora? E se ademais o facía en lingua galega?
- Que cousas, segundo o texto “No día de Rosalía”, seguen a ser iguais que cando ela escribiu?
- Identifica o parágrafo en que se fala da violencia de xénero. Falou Rosalía na súa obra do tema? Busca os versos .
- Teresa Moure explícalle a Rosalía o problema actual da lingua. Resume ti o que di a autora e contrasta co resto da clase posibles solucións para incrementar o uso da nosa lingua.

6. E facer unha posta en común.

Temporalización

2 horas

Modalidade

Individual

Grupal

Áreas implicadas

Titoría

Música: *Música do mestre Montes.*

Ámbito Sociolingüístico (nos Programas de Diversificación Curricular), Antropoloxía e Ciencias Sociais: *As fotografías estadounidenses de principios de século pasado.*

Debuxo: *Lectura de imaxes, Traballo co cómic, Fotografía*

Lingua galega: *A obra de Rosalía*

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos

Competencias básicas

Competencia en comunicación lingüística.

Tratamento da información e competencia dixital.

Competencia social e cidadá.

Competencia para aprender a aprender.

Autonomía e iniciativa persoal.

3 Poesía galega: *Colle un rolo*

Obxectivos

- Valorar a lingua que nos deixaron os avós e as avoas.
- Desenvolver o sentido plástico.
- Mellorar a expresión escrita.
- Elaborar poemas en galego.


Desenvolvemento

1. Noutro 17 de maio unha serie de mozas e mozos dun instituto de Vigo fixeron unha experiencia que recolleron en vídeo. Proponse que se vexa "Colle un rolo".



Vídeo: *Colle un rolo*

<http://www.youtube.com/watch?v=aTQ3hz0SEeA>




2. Que hai nos rolos? Que ides poñer neles?

3. Tamén a poeta Yolanda Castaño fixo este videoclip con un poema sobre o seu nome.



Vídeo: *Galiza, Iolanda Castaño, poesía galega*

<http://www.youtube.com/watch?v=xWzkJzDwBEO>



4. O *Día das Letras* é sempre unha festa de celebración da lingua. A defensa da lingua fixérona os poetas. Ten vixencia na actualidade esta defensa? Que sentimentos esperta en ti?
5. Despois de ter visto os vídeos **escribide poemas en galego**. Teñen que ser cousas que sintades, divertidas, frescas, fuxide da linguaxe rebuscada... Copiádeos nos rolos que se colocarán na entrada do centro. O Día das Letras cada quen collerá un rolo e lerá o poema que lle tocou. Volves a enrolalo e o colocas onde queiras. A idea é que moita xente o lea coma ti e que os rolos estean por todos os lugares do centro, que rolen.

6. Os poemas poden teclearse no ordenador da biblioteca e con eles confeccionar un libro. Seleccionade os que máis vos gusten para publicar na revista dixital do centro. O xurado que seleccione pode estar composto por profesorado e alumnado voluntario.

Temporalización

4 horas

Modalidade

Individual

Grupal

Áreas implicadas

Titoría

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Lingua galega: Facendo poesías. En contacto coa biblioteca para a montaxe do libriño de poemas.

Plástica e debuxo: maquetación e deseño, dos rolos, do libriño a compoñer.

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, Bacharelato e ciclos formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos.

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

4

Tradicións vellas que se mesturan coas novas: *Regueifas e rap*



Obxectivos

- Valorar as tradicións que nos deixaron os avós e as avoas.
- Desenvolver o sentido artístico e a rapidez mental.
- Mellorar a expresión escrita.
- Traballar os xogos de palabras e a "retranca".
- Elaborar rimas en galego.

Desenvolvemento

1. As regueifas son desafíos en verso onde dúas ou máis persoas disputan utilizando a retranca, o humor e moito enxeño e creatividade, procurando manter sempre unha cadencia rítmica nas frases e rimas finais. As regueifas teñen que ver coa improvisación oral, cos dobres sentidos, co escarnio... é unha tradición galega festeira (que tamén existe en Portugal e Cuba) que se conservou, sobre todo na zona de Bergantiños, pero que se vai pouco a pouco recuperando. No ano 2007, Luís Correa, *O Caruncho* e Pinto d'Herbón, o *rapeiro-regueifeiro*, idearon un concurso promovido pola consellería de Cultura no que participaron rapazas e rapaces de 18 colexios do sur de Galicia, nos que previamente se desenvolveran obradoiros para aprender a regueifar. Houbo 12 finalistas (sete

mozas e cinco mozos). Nos seguintes vídeos, dous clásicos da regueifa Benito de Iobariñas e Josiño de Teixeira explican nun instituto as orixes e a métrica.



Vídeo: A orixe das regueifas

<http://www.youtube.com/watch?v=0NnqmRXVUxs>



Vídeo: Estrutura e ritmo da regueifa

<http://www.youtube.com/watch?v=ZKqBPU4K16Y>



2. A regueifa aseméllase ao hip-hop, ao rap, polo que podemos falar dunha tradición antiga que ten moito que ver con novas formas de expresión que agradan á xuventude. Pódese ver nos seguintes vídeos esta familiaridade e tamén como cantantes moi prestixiosos como Manu Chao, bebe das súas raíces galegas e acompaña as regueifas da súa grande amiga Josefa de Bastavales, de Xurxo Souto e Pinto d'Herbón.

 **Vídeo: Rap e regueiga**

<http://www.youtube.com/watch?v=gxfNs9q5vIY>



 **Vídeo: Josefa de Bastavales, Xurxo Souto e Pinto d'Herbón acompañados de Manu Chao**


<http://www.youtube.com/watch?v=KDLKu707WsM>



3. Un rap clásico que apoia á lingua galega é o de Migallas. Escóitao.

 **Videoclip: O rap da lingua, de Migallas**

<http://www.youtube.com/watch?v=INSI2ToQsxl>



 **O rap da lingua**

*Que falemos en galego
é unha cousa natural,
coma a chuvia no inverno
e a calor no verán.
En galego! xa! si! (bis)
Aínda hai pais que non lles fan
ós seus fillos en galego
porque pensan que é unha lingua
para pobres e "paletos".
Aos teus pais animarás
a falar en galego,
que non che van saír grans
nin tampouco cae o pelo.*

*Hai rapaces e rapazas
que ó ir ó instituto
non queren falar galego
porque din que é montuno.*

*Mais se alguén che fai tilín
e o queres namorar
fai lle as beiras en galego,
de seguro ligarás!
Hai rapaces e rapazas
que queren falar galego
pero aínda non o falan
porque din que teñen erros.
Anque o fales todo o día
non che pode sentar mal.
nin dá mocos, nin dá febre.*

*fai a proba e xa verás!
Falemos a nosa lingua
que é unha lingua moi moderna,
nas escolas e nas casas
nas cidades e aldeas.
En galego! xa! si!*

Memorízalo e interpretalo no salón do cole algún día da semana das Letras Galegas.

4. "Baixo o luar, tras esa lúa / paseniño vou dando pasos pola beirarrúa,/ vou o meu. Hoxe hai brétema,/ e acity ten un ceu de seu..." Estas estrofas inician o rap *Ai non*, de AID ou Aída Alonso Iglesias, unha rapeira galega que ten gañado en 2009 o festival de rap IV Edición Heineken

Greenspace (Valencia). Xa leva gravados varios discos. Empezou rapeando coa produtora Licor Kafé. Ten colaborado con institutos ensinando ao alumnado a improvisar raps. Nestes vídeos explica como fai o seu traballo.

 **Vídeo: Ensaio
con AID**

[http://www.youtube.com/
watch?v=5-CCzrQHZR0](http://www.youtube.com/watch?v=5-CCzrQHZR0)



 **Vídeo: Ai non**

[http://www.youtube.com/
watch?v=aISz5xsVHAw](http://www.youtube.com/watch?v=aISz5xsVHAw)



5. Divide a clase en grupos que escollen entre facer regueifas ou raps a favor da lingua, similar aos que propoñen Migallas ou AID.
6. Montade un **concurso de raps ou de regueifas**. Escollede os mellores de cada clase e despois os mellores do centro. O *Día das Letras*, no salón de usos múltiples, coreografiádeos. Cada centro buscará os premios para os tres mellores.

7. Obradoiros e certame de regueifas, Duplo R, Centro Municipal de improvisación oral, son algunhas das actividades que dende o Servizo de Normalización Lingüística e a Concellería de Xuventude de Vigo están a realizarse para fomentar a improvisación oral entre o alumnado:

<http://www.xuventudevigo.org>

<http://snl.vigo.org>



Temporalización

4 horas

Modalidade

Individual e grupal

Áreas implicadas

Titoría

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Música: diferentes músicas galegas.

Lingua galega: rimas, ampliación vocabulario, métrica.

Historia: *Antecedentes das diferentes músicas.*

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos.

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

Para rematar: *Tatuaxes na pedra*



Vídeo: *Simboloxía galega*

<http://www.youtube.com/watch?v=YCv62mapBgE>



